



BASES REGULADORAS DO MERCADO MARIÑEIRO

SADA, FESTAS DO CARME 2021

1.- Obxecto

O Concello de Sada organiza unha nova edición das tradicionais Festas do Carme. Este ano o contexto é especial, condicionado pola pandemia e pola necesidade de buscar novas fórmulas que permitan o encontro da cidadanía arredor das súas festas e tradicións. A comunidade sadense ten un pasado totalmente ligado ao mar e á pesca. É por iso que as Festas do Carme son, sen dúbida, unha das datas máis destacadas do calendario de festexos que emana da cultura popular.

Ao tempo, a Concellería de Promoción Económica é sensible á situación de dificultade económica e social que a pandemia está a provocar. As celebracións populares teñen un compoñente dinamizador da economía local, xunto cun potencial de atracción de visitantes. Isto supón unha oportunidade para reactivar a economía local. Este compoñente aporta un valor económico á celebración, que debe poder ser aproveitado dende unha visión de reactivación económica. Porén, a repercusión desta festa non é tan masiva como para servir de impulso a grandes sectores da economía local, así que cabe definir obxectivos e destinatarias.

Os concellos teñen entre as súas competencias a da organización e xestión de feiras, abastos, mercados, lonxas e comercio ambulante, segundo se recolle na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases do Réxime Local. Con base nesta competencia e tamén nos obxectivos relacionados coa promoción económica a nivel local, a Concellería de Promoción Económica pretende recuperar a celebración do coñecido como Mercado Mariñeiro.

O sector da artesanía atópase en situación de precariedade e indefensión, xa que a situación actual dificultou a posibilidade de organización de feiras de venda ambulante de artesanía. Os obxectos feitos a man poñen a arte ao servizo da funcionalidade e son toda unha expresión cultural. Por medio desta proposta queremos destacar o valor cultural e artístico do oficio artesán, xunto co interese público que eles mesmos suscitan... e apoiálo a través dunha acción de facilitación e fomento.

Por todo isto, o obxecto das bases que agora se presentan é o de establecer as condicións e o procedemento de outorgamento de autorizacións para a ocupación de terreos de uso público para organizar un mercado de artesanía de temática mariñeira dentro no marco das Festas do Carme 2021 en Sada, a celebrar nas datas do 17 e 18 de xullo. A finalidade da proposta é a de impulsar a reactivación da artesanía como sector económico con destacada vinculación a Sada.

O mercado instalarase no Paseo Marítimo de Sada, á altura da zona portuaria, entre o edificio da Axudantía de Marina e a zona de finalización do carril bici.

2.- Normativa de aplicación

- Ordenanza núm. 16 reguladora da taxa por instalación de postos, barracas, casetas de venda, espectáculos ou atraccións situadas en terreo de uso público, industrias da rúa e ambulantes e rodaxes cinematográficos.



- Lei 33/2003 de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas.
- Lei 13/2010, de 17 de decembro, do comercio interior de Galicia.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

3.- Solicitantes

De conformidade co artigo 72 da Lei 13/2010 de comercio interior de Galicia, as persoas solicitantes deberán cumprir os requisitos que establezan os municipios para a súa autorización. Neste caso deberán cumprirse os seguintes:

- Dedicarse ao sector da artesanía en calquera das súas posibles manifestacións, realizando a man os produtos que as solicitantes poñan á venda. Quedan excluídos os postos de venda doutros produtos, de revenda ou de venda de segunda man.
- Estar dado ou dada de alta no réxime correspondente da Seguridade Social, e nun epígrafe do Imposto de Actividades Económicas compatible coa artesanía.
- Cumprir cos requisitos das regulamentacións de cada tipo de produtos.
- Dispor de seguro de responsabilidade civil.
- Dispor dunha carpa ou posto de venda decorado e ambientado para recrear a temática mariñeira.

A concellería de Promoción Económica será a encargada da comprobación das solicitudes recibidas e da documentación aportada.

O número máximo de prazas dispoñibles é de 30, de medidas 3 x 3 mts. O Mercado Mariñeiro non se celebrará se non conta cun mínimo de 15 solicitudes.

En caso de que a organización reciba máis solicitudes correctas que o número de prazas dispoñibles, aplicará os criterios que se recollen no ANEXO II para establecer unha orde de prelación. As prazas outorgaranse segundo esa orde ata esgotar os espazos dispoñibles.

4.- Solicitud de participación

- O prazo de presentación das solicitudes será de 10 días hábiles a contar dende o primeiro día hábil seguinte ao da publicación destas bases na páxina web municipal (www.sada.gal).
- As persoas interesadas utilizarán o modelo que se aporta no Anexo I. O modelo de solicitude tamén estará dispoñible para descarga dende a páxina web do Concello de Sada, dende o post que recollerá a información do mercado.
- As persoas interesadas deberán presentar a súa solicitude no Rexistro Xeral do Concello de Sada ou a través dos demais medios que se establecen no artigo 16.4 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. As persoas físicas poderán presentar a solicitude de xeito presencial se así o desexan, tal como recolle o artigo 14 da Lei 39/2015.



O resto de solicitantes deberán presentar a súa solicitude de xeito telemático a través da sede electrónica (sede.sada.gal).

5.- Documentación a presentar coa solicitude

- DNI
- Certificado de situación censal
- Alta de autónomos/as ou vida laboral, segundo corresponda
- Copia da póliza de seguro de RC e copia do xustificante bancario do pago do último recibo
- Declaración responsable do cumprimento do protocolo COVID-19.
- Dossier que conteña:
 - Descrición da actividade artesá e fotografías dos produtos que se porán á venda
 - Medidas da carpa ou do posto de venda
 - Descrición da proposta de ornamentación de temática mariñeira coa que adornará o posto
 - Descrición de necesidades eléctricas (consumo, kw?)

6.- Asignación e distribución de espazos

A organización será quen asigne os espazos dispoñibles entre os postos inscritos. A distribución tratará de respectar, na medida do posible, a separación entre produtos iguais ou da mesma natureza.

A organización resérvase a posibilidade de convocar unha reunión cos participantes ou de facer consultas para acordar a distribución final de postos, pero en último caso, a asignación de postos poderá facerse mediante sorteo.

O Concello resérvase a posibilidade de modificar a distribución dos postos por causas organizativas ou de seguridade.

7.- Desenvolvemento da feira

O Mercado mariñeiro enmárcase dentro da “Feira do Mar” que organiza a concellería de Promoción Económica e Turismo. Ambas están tamén incluídas dentro do marco da celebración das Festas do Carne en Sada 2021, nas que o Concello de Sada e a Confraría de Pescadores actúan como organizadores.

O mercado inclúese como unha das actividades ofertadas polo Concello de Sada para aportar contidos de interese ao programa de celebración festivo.

7.1.- Horarios

O Mercado Mariñeiro celebrarase nas datas do sábado 17 e o domingo 18 de xullo, dentro do marco da “Feira do Mar” e das Festas do Carne de Sada e coas seguintes referencias:

- MONTAXE: sábado 17 a partires das 8:00h e con finalización ás 11:00h.. As persoas participantes poderán achegar os seus vehículos ata a zona de montaxe, dentro do Paseo Marítimo. A organización indicará os espazos onde as persoas participantes poderán aparcar os seus vehículos



unha vez finalizadas as tarefas de montaxe.

- HORARIOS DE VENDA AO PÚBLICO:
 - Sábado 17: de 11:00 a 21:00h
 - Domingo 18: de 12:00 a 21:00h
- SEGURIDADE NOCTURNA: o Concello ofrecerá un servizo de vixilancia na zona do mercado mariñeiro para garantir a seguridade dos postos de venda entre as 21:00h do sábado 17 de xullo e as 12:00h. do domingo 18 de xullo. A organización non se responsabilizará do contido dos postos fóra dese horario.
- DESMONTAXE: o domingo 18 de xullo a partires das 21:00h. As persoas participantes poderán achegar os seus vehículos ata a zona de desmontaxe, dentro do Paseo Marítimo.

NOTA: Cada participante deberá comprometerse a manter a actividade no seu posto durante o horario de venda ao público.

7.2.- Actividades

O mercado beneficiarase do programa de actividades das Festas do Carme e da “Feira do Mar”, xa que todas as actividades e espectáculos programados durante a fin de semana aportarán unha ambientación positiva na área de organización do mercado. O programa de actividades mobilizará a presenza de públicos variados, dos que poderá beneficiarse secundariamente o mercado mariñeiro.

O contido do programa non está completo aínda pero incluírá propostas como as seguintes:

- Pasarrúas de música tradicional
- Contacontos
- Pequenos concertos de música infantil e para público familiar
- Espectáculos de clown e acrobacias na rúa
- Espectáculos de acrobacias aéreas
- Tradicional misa mariñeira e procesión marítima (en colaboración coa Confraría de Pescadores de Sada)

8.- Dereitos e obrigas das persoas participantes

- Participar no Mercado Mariñeiro, exercendo a venda ao público dos seus produtos artesáns.
- Dispoñer de toma de corrente ou de acceso a enchufe en cada un dos postos participantes.
- Respetar os horarios da feira (punto 6). No caso de choiva ou meteoroloxía adversa a organización será flexible cos horarios, previo acordo coas persoas participantes.
- Utilizar unha carpa ou posto propio para montar un punto de venda decorado para recrear unha estética mariñeira.
- Colocar no frontal do posto o cartel anunciador da “Festa do Mar” na que se inscribe o mercado mariñeiro. O Concello repartirá un cartel para cada posto participante.



- Cumprir e velar polo cumprimento das medidas de prevención contra a expansión da pandemia COVID-19, segundo o protocolo que aportará o Concello de Sada.
- A concellería ten en conta o esforzo de ambientación temática que se lle esixe ás persoas participantes. Considera que o mercado e as persoas que o compoñen forman parte esenciais dos contidos de interese dentro da programación da “Feira do Mar” e das Festas do Carme. Polo tanto, exime ás persoas seleccionadas do pago de taxas pola ocupación do espazo público, segundo o establecido no artigo 2.b) da Ordenanza núm. 16 reguladora da taxa por instalación de postos, barracas, casetas de venda, espectáculos ou outras accións situadas en terreo de uso público, industrias da rúa e ambulantes e rodaxes cinematográficos.

9.- Disposición final

A organización resérvase o dereito a dar por finalizada a actividade en calquera posto que non se adapte aos requisitos establecidos nesta convocatoria, especialmente no caso de incumprimento evidente das normas de seguridade e de aforo.

O envío da solicitude (Anexo I) supón o coñecemento e aceptación das presentes bases.

Sada, data da sinatura dixital

Laura Rodríguez Pena
Concelleira de Turismo e Promoción Económica



ANEXO I: SOLICITUDE DE PARTICIPACION NO MERCADO MARIÑEIRO 2021

NOME DO POSTO:	
NOME DA PERSOA TITULAR:	
DIRECCIÓN:	
CIF:	
DNI:	
DESCRICIÓN DOS PRODUTOS OFERTADOS:	
NECESIDADES ELÉCTRICAS	

DATOS DA PERSOA REPRESENTANTE:

NOME:	
DNI:	

SOLICITA

Participar no Mercado Mariñeiro que terá lugar nos vindeiros días 17 e 18 de xullo.

A persoa solicitante manifesta coñecer as Bases de participación e o compromiso de observalas así como a normativa á que debe axustarse a súa actividade.

Asdo.

En Sada a de de 2021

* A esta solicitude deberá acompañarse da documentación requirida no punto 5 destas bases.



ANEXO II

ANEXO I: Criterios selección:

CRITERIOS DE SELECCIÓN MERCADO MARIÑEIRO	
Participación en edicións pasadas	2
Adecuación coa temática mariñeira	1
Producto artesanal orixinal	1
Cartas de artesanos	1
Excluíranse aquelas solicitudes que non cumpran os requisitos das bases	
No caso de empate o espazo será asignado por sorteo	